

Javier Blanco novo
director da Banda de
Xinzo

Páxina 4

Crecente e Arbo renden
homenaxe á Garda Civil

Páxina 9

Decepcionante
xuntanza do Concello
do Porriño con ADIF

Páxina 11

Escolares guardeses
participan na campaña
"Lamprea do Miño"

Páxina 16


Salceda recuperará a
Rúa Compostela para
as persoas

Páxina 19



A urbanización da PLISAN arranca en maio

Páxina 2



CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA

A urbanización da PLISAN arrancará en maio

O Comité Executivo do Consorcio da Zona Franca, presidido por Teresa Pedrosa, adxudicou as obras de urbanización da área loxística da PLISAN á UTE Xestión Ambiental de Contratas- Abeconsa- Construcións López Cao, por un importe de 7.323.246,93 de euros máis IVE e cun prazo de execución de nove meses. Con estas obras que se prevé que comecen en maio a Zona Franca cumpre os calendarios previstos e con elas urbanizaranse máis de 500.000 metros cadrados de chan situados ao norte da actuación.

Este proxecto, que saíu a concurso cun orzamento basee de licitación de 10.135.981 euros, contempla a urbanización dunha superficie de 536.548 metros cadrados dos



Teresa Pedrosa ensina a PLISAN aos directivos de Bright Food

que 206.714 corresponden a parcelas de uso lucrativo e 65.860 a equipamentos. O resto corresponde a viarios, aparcadoiros, espazos libres e zonas verdes. Con estas obras de urbanización dotarase á área coñecida como LLE de máis de 1.500 prazas de estacionamento público. O viario dará acceso á zona de equipamento e parcelas empresa-

riais co que se cumpren holgadamente todos os estándares de accesibilidade rodada e peonil. Tamén se garante a accesibilidade mediante unha senda ás zonas verdes adxacentes ao regacho Gúmaro que atravesa a actuación de leste a oeste. Recuperación da auga de choiva para a rega, iluminación pública deseñada con lámpadas LED de

elevado rendemento luminoso, unha rede anillada de abastecemento de auga potable para unha maior garantía de subministración, oito centros de transformación de media tensión e unha liña de media tensión subterránea con previsión para rede de baixa tensión segundo as necesidades das parcelas son algunhas das características ambientais deste proxecto no que tamén se definen as obras de telecomunicacións correspondentes á obra civil o que permitirá o posterior tendido do cableado portador das comunicacións.

A comercialización de chan nesta superficie sae á venda cun prezo de cincuenta euros por metro cadrado para os primeiros 100.000 metros que se vendan. As empresas poderán acceder ao chan en dereito de superficie.

Día do libro en Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño celebra un ano máis o Día do Libro, o próximo 23 de abril na Praza do Concello ás cinco e media da tarde cun contaconto Infantil. A entrada é gratuita.

O contador Lolo, da compañía Barafunda pora en escena un espectáculo para público familiar, para nenos a partir de tres anos, titulado Xan das Ondas.

Xan é un rapaz que lle gusta moito o mar. Unha mañá descobre que o mar non ten ondas e parece que está moi enfermo. Así que Xan, emprende unha gran aventura adentrándose no máis profundo dos océanos para descubrir por que o mar non ten ondas. Nesta viaxe Xan fará moitos amigos e coñecerá os habitantes dos mares. Conseguirá Xan salvar o mar da súa doenza?



II Certame Artístico "Salvaterra Milenaria"

O obxectivo deste certame é que os alumnos dos Centros de Ensino do Concello de Salvaterra de Miño nos ofrezan a súa visión do pasado da nosa vila, ao tempo que se fomenta a súa imaxinación e creatividade, así como a participación nas actividades culturais do Concello. Para elo os alumnos

de preescolar participarán nun concurso de debuxo, os de primaria e secundaria nun de manualidades e os de bacharelato de relatos.

As obras deberán ser orixinais e inéditas, que non foran presentados a ningún outro certame, estar en lingua galega e ter unha temática relacionada co pasado de Salvaterra de

Miño, a ser posible coa etapa medieval. A extensión dos relatos non deberá exceder en ningún dos casos de dúas caras de folio. Para a categoría de bacharelato, os traballos deberán ser presentados a ordenador (Times New Roman 12, interlineado 1.5). No caso dos debuxos, deberán presentarse nun formato de tamaño A4,

con total liberdade na técnica artística. Con respecto a categoría de manualidade outórgase total liberdade aos participantes, ofrecéndose tamén, unicamente neste caso, a posibilidade de realizar os traballos de maneira grupal, cun máximo de 3 membros por grupo.

Os premios por categoría consistirán nun vale para o 1º de 100€, para o 2º de 75€ e para o terceiro de 50€, para

gastar en material escolar, informático, deporte ou vestimenta para os gañadores. Os traballos serán expostos na web do concello e nas Covas de Dona Urraca do día 24 de maio.

A entrega de premios realízase nos actos de conmemoración do 24 de maio.

O remendón CERRAJERO 24 horas

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Manterimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

Rosalía de castro, 61 Salvaterra de Miño **637 764 865** www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

Exposicións en: Amieira e Lourense, Póvoa do Rio, Cereceira e Frade, Bascos e Xira e Mera.

RESERVAS: Ana 651 040 534 / Coke 646 424 968

Tel: 986 658 313 / Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

P.M. DINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arxentina, 11 - Salceda de Caselas
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 886 858 329

Móvil 643 816 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

SALVATERRA DE MIÑO

Daniel Pérez consigue el billete para el Mundial júnior

Daniel Pérez, palista en la modalidad de C1, del Club Piragüismo Penedo Te Importa, será el representante salvaterrense en el equipo júnior que disputará en el Campeonato del Mundo de esalon, que se celebrará en Ivrea (Italia) del 17 al 22 de julio, en su segundo año como cadete, al lograr ser tercero en el selectivo celebrado con motivo de la Segre Cup, disputado el pasado viernes y sábado en La Seu y Ponts. Junto a él, las gallegas Ainhoa Lameiro y Lorena Costa, también pasaron las pruebas selectivas.

En cuanto a la Segre Cup, conseguiría hacerse con el segundo



Fotos de Lucas M. Farrapeira (CC-BY-SA)

puesto por delante de Pau Echaniz y por detrás de Miquel Trave, ya que a pesar de compartir los mismos tiempos, no lo hace con el sistema de puntuación, pues valora más las finales de cada día, al contrario de los selectivos,

que lo hace al seleccionar las tres mejores mangas de cuatro.

Este logro, viene seguido de los buenos resultados que llevaba desde el pasado año como cadete, donde ya se había quedado muy cerca de las competiciones internacionales en la repesca en el Campeonato de España, en Sabero, al quedarse a la puertas del único hueco libre para acompañar al equipo. Este mismo hecho, se sucederá el 5 de agosto en La Seu, para luchar por meterse dentro del equipo nacional júnior para el Campeonato de Europa Júnior en Bratislava en agosto.



Charla sobre o cancro de mama en Salvaterra

O Cancro de mama é o tumor mais frecuente das mulleres occidentais. En España diagnósticanse arredor de 25.000 novos cancro de mama ao ano, pódese dicir que 1 de cada 8 mulleres terá cancro de mama ao longo da súa vida.

O cancro de mama é unha enfermidade grave, pero que se pode curar se se detecta a tempo. orixínase cando as células saudables da mama empezan a cambiar e profilerar sen control, e forman unha masa ou un conglomerado de células que se denominan tumor, que pode ser canceroso ou benigno.

Diagnósticase a mais mulleres con cancro de mama que ningún outro cancro por esa mesma razón é tan importante a prevención, e con motivo do Día da Saúde tanto o



Concello de Salvaterra de Miño como a Asociación de Cancro de Mama Pilar Domingo queren por o punto de atención nesta doenza, tratando diversos temas como é a alimentación, o día a día nas enfermidades e familia e o diagnóstico e tratamento, onde intervirán profesionais do sector como unha psicóloga, enfermeiras de oncoloxía, unha dietista e membros da Asociación, cunha charla informativa o próximo 26 de abril ás 20.00h no Salón de Plenos do Concello.



CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O lalinense Javier Blanco, novo director da Banda de Música de Xinzo

A Xunta Directiva da Banda de Música Xuvenil de Xinzo (BMXX), culminou o proceso de selección do seu novo Director titular o pasado sábado 7 de abril coa elección do lalinense Javier Blanco González, que collerá a batuta que deixa o director saínte, Roberto Sánchez.

O novo director pasará a desempeñar o labor da dirección artística da propia Banda de Música Xuvenil de Xinzo, ademais da coordinación estratéxica da Escola de Música de Xinzo, Coral "Cantares de Xinzo", Agrupación Instrumental "Rogelio Groba" e como asesor da Fundación Musical de Xinzo, recentemente constituída.

Javier Blanco, é graduado en interpretación na especialidade de clarinete polo Conservatorio Superior de Música de Aragón (Zaragoza). Actualmente está a cursar estudos de dirección con Miguel Etchegoncelay

no Conservatorio de Estrasburgo, e é membro academista da Orquestra Filarmónica de Estrasburgo e da Joven Orquesta de Bandas Sonoras de Zaragoza. Como director, dirixiu durante catro anos á Unión Artística Musical Salduie (Zaragoza) e é director asistente do X Encontro de Jóvenes Músicos en Albaracín (Teruel).

En palabras do Presidente da Banda de Xinzo, Francisco Represas, "desde a nosa Asociación fixemos un importante esforzo económico para tratar de atraer aos mellores candidatos posibles para liderar unha das asociacións culturais máis importante que ten o Concello de Ponteareas. Finalmente seleccionamos a Javier Blanco, polo seu elevado nivel artístico e formativo, ademais de por a súa excelente parte humana. Destacando a súa humildade, motivación e implicación demostrada co novo proxecto musical da Banda de

Xinzo".

O novo director, Javier Blanco, asume a batuta da Banda de Xinzo da que destaca o seu enorme potencial e excelente actitude: "Cando vas ao fogar da única banda de Galicia con fundación musical propia, xa te fas unha idea de que chegas a unha contorna disposta a facer as cousas o mellor posible. A acollida foi inmemorable e todos se mostraron dispostos a axudar no que fose necesario desde o primeiro momento. A isto haille que engadir que os compoñentes da banda son maioritariamente estudantes do conservatorio e da escola de música, polo que a progresión está garantida. Na miña humilde opinión, se seguimos coidando a escola de música e apoiando aos músicos que xa forman parte da banda, creo que se reúnen todos os requisitos para



contar cun proxecto de proxección envexable".

A presentación do novo director terá lugar o próximo 13 de maio no XXIV Festival de Bandas de Xinzo, que se celebrará ás 17 h no auditorio do Centro Cultural Xinzo, e onde se homenaxeará ás primeiras mulleres integrantes da Banda de Música Xuvenil de Xinzo.

Por último a Xunta Directiva da Banda quere agradecer publicamente todo o traballo desempeñado polo anterior director, Roberto Sánchez Barreiro, para quen só teñen palabras de agradecemento.

ACIP solicita a modificación da taxa por licenzia de apertura e cambio de titularidade

O portavoz municipal de Alternativa Ciudadana de Ponteareas, Juan Carlos González, presentou unha moción para o seu debate no pleno na que esixe un trato máis xusto cos pequenos emprendedores do municipio á hora de abrir novos negocios.

Na proposta indícanse as diferenzas entre negocios do mesmo tipo. As taxas aplicanse en base ao Imposto de Actividades Económicas (IAE), e dependen do epígrafe en que se inscriba. Así un negocio na rama de hostalería pode variar entre 340 euros e 900 euros, ou máis.

ACIP propón unha taxa equitativa para todos os cidadáns. Causa que xa ocorre noutros concellos.

Abanca renova o convenio de apoio á festa do Corpus

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas e os responsables de Abanca Luís Martín Blanco Conde, director de Zona Condado- Baixo Miño; Héctor Jose Pardillos Torres, director oficina Ponteareas-Bugallal e Óscar Riveiro camino, director da oficina Ponteareas-

.Constitución, reuníronse para estudar novas colaboracións.

No encontro mostraron a súa disposición a renovar o convenio de colaboración polo que Abanca fará unha achega de 10.000 euros como contribución á celebración da festa do Corpus Christi.

Pola súa banda, o Concello de

Ponteareas, incluírá en toda a documentación e soportes referidos á Festa do Corpus 2018, o anagrama da entidade bancaria como patrocinadores do evento. Este apoio enmárcanse dentro do acordo con Turismo de Galicia de respaldo ás festas declaradas Ben de Interese Turístico Internacional.



milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

ELECTRICIDAD
IN. M. A. C.
CONDADO S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PC-1803

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 Móviles 851 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Pol. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

PONTEAREAS

A Mocidade terá un programa cultural a medida

A concellería de Mocidade, Benestar Social e Igualdade que dirixe a nacionalista Verónica Carrera quere coñecer os gustos e inquerencias da mocidade de Ponteareas para realizar unha programación que satisfaga as súas expectativas.

Por este motivo, realizou enquisas a 1600 alumnas e alumnos de todos os centros de secundaria tanto públicos como concertados co obxectivo de coñecer as súas preferencias en temas culturais e as actividades que demandan no seu tempo de lecer, ademais das súas necesidades relativas a formación.

Deste xeito, o alumnado dende 1º da ESO ata 2º de bacharelato puideron trasladar á con-

cellería as súas suxerencias e demandas culturais para que agora dende o goberno municipal deseñen unha programación a medida do solicitado.

Unha vez analizados os resultados a concelleira de Mocidade organizará as actividades de lecer e cultura para a xuventude que será presentada nos centros de ensinanza o vindeiro 16 de abril.

Grazas á xestión económica do goberno actual que liquidou as principais débedas e conseguiu sanear a contabilidade agora pódense por en marcha iniciativas coma esta facendo que a mocidade sexa protagonista na elección do programa cultural dirixido especificamente a eles.

Ponteareas realiza as xestións para contar cun novo aparcamento de 100 prazas

O goberno de Ponteareas avanza na xestión da ampliación de prazas de aparcamento gratuítas que faciliten a visitantes e veciños o estacionamento no centro urbano.

O goberno local agarda pechar nas vindeiras semanas un acordo para a cesión dunha parte da parcela de Granitos, a situada nos arredores da Avenida de Galicia coa rúa dos Carballos, para acondicionala como aparcamento libre e gratuito.

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, mantivo un encontro en Madrid coa familia



de D. Feliciano Barrera, propietarios da parcela para avanzar nas xestións e agradeceu a boa disposición para acadar un acordo.

Estas novas prazas sumaranse ás que se activaron neste mandato; unha zona de aparcamento na Avda Castela de 53 prazas así como a ampliación de máis de 40 prazas en Santa Ana.

Aberto o prazo para inscribirse no programa Depotermal

O plan Depotermal da Deputación de Pontevedra ofrece un programa de asistencia diaria a balnearios durante cinco días consecutivos e un programa termal con pernoctación, subvencionado ao 100% pola Deputación co obxectivo de favorecer o benestar e promover unha vida activa e saudable.

Poderán beneficiarse deste programa toda a veciñanza que teña nacido antes do 1 de xaneiro de 1968 ou que acredite ter a condición de invalidez, viudedade, xubilación, discapacidade ou outras pensións.

Os e as interesadas poderán realizar a solicitude na web da Deputación, nas súas sedes de Pontevedra e Vigo ou nos Concellos colaboradores antes do vindeiro 18 de abril. Os Concellos do sur da provincia adheridos colaboradores na xestión do Plan, onde os cidadáns poden dirixirse para inscribirse, son: Arbo, Covelo, Crecente, Gondomar, A Guarda, Mondariz-Balneario, Mos, Nigrán, Oia, Ponteareas, O Porriño, Redondela, O Rosal, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui.

Unha aplicación informática axilizará a resolución de incidencias

O Concello de Ponteareas porá en funcionamento unha aplicación para a xestión de incidencias municipais encadrada dentro da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable" para o que acaba de contratar o servizo da empresa GECOR System S.L.

A implantación deste software será inmediata e comezará testándose de xeito interno para despois pola a disposición da veciñanza. A previsión é que o primeiro servizo de aviso de incendias aberto ao público sexa o de áreas de medioam-

biente como a recollida do lixo e limpeza viaria de xeito que calquera veciño poida comunicar e adxuntar fotografías das incidencias desta área.

Esta APP terá capacidade para xestionar e diferenciar todo tipo de incidencias (desperfectos vía pública, vertederos, recollida de lixo, desabroches, iluminación, etc.) e irá sendo progresivamente implantada en diferentes áreas.

O software contratado incluír unha app móbil para o cidadán (para dar de alta incidencias de xeito xeoreferenciado e a

inclusión de arquivos fotográficos), e que permita o seguimento da incidencia por parte do mesmo. Tamén incluír unha aplicación web para a xestión global (cadro de mando e xestión das incidencias) e unha app móbil para os operarios do concello ou das súas subcontratas (para a xestión do seu traballo diario), coa que xestionar as incidencias e enviar arquivos fotográficos.

Ademais o servizo inclúe unha solución que permita a xestión das incidencias a nivel de tarefas ou ordenes de traballo

e debe permitir dar de alta incidencias ao propio persoal do Concello.

Empresas como Telefónica, Vodafone, Imatina Innovation S.L e Altia Consultores foron convidadas a presentarse ao concurso co obxecto de obter a proposta máis profesional e de calidade. Finalmente Gecor System S.L resultou seleccionada para implantar este novo servizo nos vindeiros meses ao demostrar experiencia, axeitarse ás características requiridas e ofrecer o mellor prezo por un total de 13.915 €.

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS
Teléf. 986 660 826

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O alumnado despídese dos cans da terapia "Catro patas de apoio"

A Concellería de Ensino do Concello de Ponteareas, que dirixe Cristina Fernández, agradece o traballo da empresa Yacarán que remata os obradoiros realizados nos centros escolares da vila nos que o alumnado recibiu educación en valores asistida por cans de Terapia en Entornos Educativos, dirixido a alumnado NEAE e o alumnado das súas aulas en xeral.

A empresa Yacarán levou ás aulas o proxecto "Catro patas de apoio" aportando os beneficios de traballar con cans nos centros educativos. Nas escolas realizaron unha actividade transversal que educa en valores e trasladou ao alumnado a responsabilidade da tenencia de mascotas.

Cooperación versus obediencia e segundas oportunidades fronte a castigos son

as señas de identidade deste proxecto que segundo explica Julia Correa, de Yacarán, pretende fomentar o traballo en equipo, a autonomía, a comprensión, a empatía e ensina aos escolares a porse no lugar do outro; a acadar un obxectivo común incentivando ao compañeiro.

A Concelleira de Ensino, Cristina Fernández, adianta que traballará para seguir ofrecendo esta e outras actividades que facilitan aos centros educativos diferentes ferramentas de aprendizaxe novidosas.

Yacarán é unha organización que se define como "socialmente responsable" que tenta que os beneficios que aportan os animais acaden aos seres humanos menos favorecidos. Dende os seus comezos gran parte da súa actividade foi dirixida ao desenvolvemento



de programas solidarios e de investigación.

Yacarán recibiu o premio de responsabilidade social na categoría de Pymes da Fundación Corresponsables no 2012 e resultou finalista no ano 2015.

Ante o éxito, a utilidade e os beneficios desta actividade a Concellería de Benestar So-

cial tamén estudará a posibilidade de ofrecer estes talleres aos maiores de Ponteareas e as/os alumnos do Taller Ocupacional de Asprodico.

Estes obradoiros impartíronse en aulas con alumnado NEAE, con necesidades especiais de atención educativa, buscando sempre a mellora da calidade educativa e a inclusión.

A III Subida á Picaraña abre o prazo de inscrición

A asociación deportiva Caminantes do Condado abre a inscrición para a III subida á Picaraña que terá lugar o vindeiro día 1 de maio.

Enmarcada dentro do Campionato Galego na categoría cadetes (15 a 17 anos) contará cun percorrido de 6km e 450m con saída ás 10:45 horas dende a piscina municipal.

Tamén terá lugar a carreira popular e andaina de 4km e 350m con saída no mesmo punto ás 10:30 horas.

Os interesados en obter máis información poden ir á web <https://www.caminantesdocondado.es>. Aqueles que desexen inscribirse poden facelo na páxina <https://championchipnorte.com>



Ábrese unha nova edición dos Xogos Florais de Ponteareas

A Concellería de Cultura do Concello de Ponteareas publica as bases para a terceira edición do concurso de poesía dos Xogos Florais ao que poderán concorrer todos os autores e autoras en tres categorías: infantil de 9 a 13 anos, xuvenil de 14 a 18 anos e adultos para maiores de 18 anos.

Os textos presentados deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e de tema é libre.

Os traballos entregaranse na Biblioteca Municipal de Ponteareas (rúa Perillana, 11) de luns a venres en horario de 8.00 a 21.00 horas. O prazo de presentación remata o 25 de abril de 2018.

Fixarase un total de tres premios en cada categoría e o xurado estará presidido polo alcalde do



Concello ou persoa na que delegue, e integrado por persoas de recoñecido prestixio no eido da literatura galega.

Ao igual que en anteriores edicións, obras gañadoras serán publicadas nun libro pasando a formar parte da historia literaria de Ponteareas.

Aberto o prazo para as propostas de cursos de formación e tempo de lecer

A Concelleira de Cultura do Concello de Ponteareas que dirixe a nacionalista Hortensia Bautista abre o prazo de presentación para os monitores que queiran optar a ofrecer cursos de formación nas distintas parroquias.

Ata o vindeiro 20 de abril os e as interesadas en impartir cursos nos centros culturais poderán aportar os seus currículos acompañados do título do curso, contidos, público ao que vai dirixido e unha programación do desenvolvemento do curso.

No ano pasado ofertáronse cursos de música, expresión dramática, patchwork, taller de memoria, micoloxía, aproveitamento do monte, receitas culinarias, móbil intelixente, dietética e nutrición, pintura, informática, cestería... O concello valorará ademais destas temáticas outras como a estampación textil, arte floral, papiroflexia, risoterapia, medio ambiente, fotografía...

O Concello de Ponteareas estudará as propostas para ofrecer un abano amplo de cursos de formación e tempo libre para a veciñanza.

Masterclass de clarinete no conservatorio

O conservatorio municipal de Ponteareas, acolleu o día 4 de abril unha masterclass de clarinete impartida por Víctor de la Rosa do conservatorio das Illas Balearescon preto de vinte alumnos.

As masterclass continuarán durante o mes de abril, e o 20 e 21 Daniel Portas da Banda Municipal de Santiago de Compostela ofrecerá as clases de trombón e José Luis Vázquez, tamén da mesma banda, a de tuba.

EDITORIAL

■ Por: Guillermo Rodríguez. Director



Por que se meten en fregados?

Política é unha actividade tan vella como a humanidade. Dende que os simios ergueron as patas dinteiras ata hoxe, e aínda antes diso, os habitantes deste Planeta Terra tiveron que organizarse dalgun xeito. Non imos facer aquí, obviamente, unha demostración dos nosos coñecementos da Historia porque tampouco son demasiados. Só prendemos deixar asentado que facer política, dedicarse á política, é algo que sempre se fixo voluntariamente. Ben fora porque se herdaba da familia e había que seguir a tradición, ben porque apetecía ser dirixente, xefe, macho alfa.

Se isto é así non entendemos os comportamentos dos políticos actuais. Tanto se dos altos cargos se trata (xefes de Estado, Primeiros Ministros, alcaldes). Dá o mesmo. Están aí porque decidiron demostrar que eles/as eran quen de facer as cousas mellor que os que ocupaban eses cargos. Aínda máis; percorreron miles de quilómetros falándolle á xente, tratando de convencer os cidadáns que eran mellor que os que estaban ocupando eses lugares de mando. Porque todos teñen mando. E aquí non queremos deixar de lembrar un dito moi popular (alguén dixo que o autor fora Franco), cando di que “a un galego

dáslle un carguño e xa tes un xeneral”. Algo diso hai. Vemos, en efecto, como quen ata onte era un simple mortal, ou acaso un concelleiro dun concello calquera, no momento en que por arte de birli birloque lle entregan o bastón de mando de calquera institución se transforma de tal maneira que ás veces resultan irrecoñecibles. O poder que ese sinxelo bastón confire é de tal natureza que transforma a calquera.

Ben. Nada temos en contra; cada quen pode presumir do que se lle antolle. O que xa non aceptamos é esa faciana de vítimas cando chegan ao poder e lle toca dar trigo e non predicar que traten de escudarse sempre nos gobernantes anteriores.

Estes días e sempre, observamos como cada vez que un cargo público se ve diante dunha esixencia dos cidadáns automaticamente lle flúe, lle sae como se o tivera ensaiado, “a culpa é do goberno anterior que nos deixou unha herdanza terrible. Menos mal que chegamos nós e xa estamos endereitando as cousas”.

Pero, alma de cántaro, a ti quen che obrigou a meterte aí? Acaso non sabías o que ías recibir en herdanza política? Se estabas metido no allo, dalgún xeito, ben co-gobernando, ben na oposición, e non coñecías o terreo es un perfecto irresponsable

tratar de ocupar un cargo, para o que te confesas incapaz de defender dunha maneira aceptable.

Asistimos a uns momentos en que a todos ou cáseque a todos nos gusta ocupar cargos políticos. Ben sexa nos concellos, ben sexa nos gobernos autonómicos ou do Estado. Hai homes e mulleres que “fixeron unha carreira política”. Si; dende que saíron do instituto ou da universidade só se dedicaron á política. Primeiro como cachorros dos partidos (as chamadas novas xeracións), logo xa como concelleiros ou deputados e finalmente como alcaldes ou presidentes de calquera das moitas institucións políticas que existen nesta pel de touro. Creo que temos demasiadas e así nos vai. Pero iso ceais o tratemos noutro momento.

O certo é que actualmente asistimos a un discurso monocrorde de políticos que, cada vez que se enfrontan a unha dificultade ou a unha esixencia dos veciños/as, soltan como se tiveran un resorte, “a culpa tena o goberno anterior que non gobernou ben e agora temos que endereitar o barco e iso leva tempo”. E así unha e outra vez. Nunca saberemos canto tempo precisan para endereitar ese barco e demos-

trarnos que saben navegar de verdade e doutra maneira, porque iso foi, precisamente, o que nos venderon cando nos pediron o voto.

Señores e señoras, por favor; pónanse a gobernar dunha vez e esquezanse dos seus antecesores. Nós xa sabemos como eran; xa os sufrimos ou gozamos. Agora é a súa hora da verdade. Traballen,

demostran que son mellores; que teñen ideas modernas e beneficiosas para todos nós. E se non son quen de facelo, por favor, dígnanos que non volven a intentalo. Así, polo menos teremos a esperanza de que non van sermonearnos co “a culpa foi dos outros”. Xa nós elixiremos os que entendamos o poden facer mellor.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermorodriguez@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Impreme: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzra81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ACIP pedirá explicacións no Pleno polo servizo de axuda ao fogar

Juan Carlos Carrera, voceiro de ACIP, fainos chegar unha nota de prensa na que manifesta que no próximo Pleno pedirá explicacións ao Sr. Alcalde pola situación do servizo Axuda no Fogar.

Di que no Pleno Extraordinario do pasado 5 de marzo o goberno municipal forzou a aprobación da privatización deste servizo por valor de 2,5 millóns de euros. Contrato blindado por catro anos cando o normal sería renovable cada ano e non deixar hipotecado a un futuro goberno.

As presas eran debidas a que o día 9 entraba en vigor a nova lei de contratos das administracións públicas.

Tentaban así que a oposición non tivera tempo de examinar

a documentación ; tampouco fixeron caso das advertencias de que non terían tempo para publicalo acordo nos boletíns oficiais como esixe a lei.

Malia aprobar os pregos só cos votos do goberno, non chegaron a tempo e o acordo quedou anulado.

O grave, di Juan Carlos Carrera, é que tiveron tempo de abondo dende o remate do contrato anterior, setembro de 2017. Crearon así unha situación de prorroga á mesma empresa pero cun aumento do 25% por hora de servizo. Aumento imposto pola empresa que resulta ilegal porque ten que ser aprobado polo Pleno e non polo alcalde en solitario.

ACIP conclúe que se 2.000 euros dun Pleno que deberá



convocarse de novo. Terán que redactar un novo contrato segundo a nova lei e mentres tanto a empresa aproveitándose dun aumento do prezo do servizo que a final de ano significará unha perda para o concello de 15.000€ porque non é posible que estea adxudicado o servizo antes de fin de ano.

Desde ACIP insisten en pedir se depuren responsabilidades por non ter resolto un contrato en tempo e forma.

O PSdeG-PSOE rexistra no Parlamento de Galicia unha PNL para a contratación dun especialista de radioloxía para Ponteareas

O PSdeG-PSOE vén de presentar unha Proposición Non de Lei e diversas preguntas no Parlamento de Galicia instando á Xunta de Galicia a por solución aos problemas detectados polos deputados socialistas na súa visita ao Centro de Saúde de Ponteareas.

Trala visita dos deputados socialistas, Julio Torrado e Patricia Vilán, acompañados pola Secretaria Xeral socialista de Ponteareas, Chus Garrote, estes veñen de rexistrar perante o Parlamento de Galicia numerosas iniciativas a través dunha PNL reclamándolle á Xunta de Galicia solucións aos problemas denunciados polo PSdeG-PSOE nos medios de comunicación nas pasadas semanas.

A Proposición Non de Lei presentada polos socialistas insta ao goberno de Núñez Feijóo a realizar unha avaliación do estado das infraestruturas da comarca do Condado-Paradanta, con especial atención ás con-

dicións de accesibilidade dos centros de saúde como o de Ponteareas.

Ademais, o PSdeG-PSOE solicitou no Parlamento de Galicia a contratación dun técnico especialista para a utilización do aparelaxe de radioloxía no Centro de Saúde de Ponteareas, que permita a utilización da maquinaria pola tarde e non só pola mañá como está sucedendo na actualidade.

Entre as preguntas rexistradas para a súa contestación, tanto de maneira oral como escrita, solicita-se ao goberno da Xunta explicacións polo estado deficitario dos servizos de atención primaria e se ten previsto tomar medidas ao respecto.

Os socialistas de Ponteareas consideran que o goberno do Partido Popular fixo deixadez das súas funcións e manifestan que permanecerán vixiantes ata que o Goberno de Núñez Feijóo poña solución aos problemas do PAC de Ponteareas.

Programaranse actividades para o Castelo do Sobroso

O deputado provincial de turismo da Deputación de Pontevedra reuniuse coas autoridades locais que forman parte do órgano de coordinación entre o concello e a Deputación de Pontevedra.

Na xuntanza falouse do pro-

grama de actividades do Castelo do Sobroso durante o presente ano, con especial atención as que se realizarán neste mes e no vindeiro mes de xuño (historia do castelo e lendas arredor da vida do mesmo). O concelleiro provincial confirmou que o Castelo seguirá ofrecendo

o Centro de Recuperación da Cultura popular.

Está previsto que Carmela Silva, presidenta da Deputación visite en breve o Castelo para presentar as distintas actividades que se van realizar no castelo ao longo de todo o presente ano.

Gala e presentación do Club Ciclista Ponteareas



O domingo día 8 celebrouse no Hotel Balneario de Mondariz a Gala e Presentación do Club Ciclista Ponteareas.

Os máis de 400 asistentes emocionáronse co repaso aos 40 anos de historia dun Club Ciclista coñecido en todo o estado e estranxeiro. Na Gala agradeceron a empresas, persoas e institucións o apoio recibido nese tempo.

Seguidamente celebrouse a Presentación da Tempada 2018, non sen antes presenciar a actuación do grupo folk O Son do Río.

Durante a presentación proxecciónse vídeos, presentáronse a todos os seus deportistas e os equipamentos deste ano e mostraron o seu agradecemento aos patrocinadores.

Mondariz acolle o Curso de Monitor de Fútbol Sala da Federación Galega de Fútbol

O Concello de Mondariz, acollerá, durante entre os meses de abril e xuño, o Curso Federativo de Monitor de Fútbol Sala que se desenvolve ao abeiro do programa nacional de adestradores da Real Federación Española de Fútbol e que permitirá que os alumnos e alumnas que o superen con éxito, poidan desenvolver o seu labor nas Federacións de Fútbol de ámbito autonómico.

Poden participar os maiores de 16 anos cumpridos ao comezo do curso, efectuar a correspondente inscrición (que xa está aberta e que se pechará o 23 de abril, día de inicio do curso) e estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria ou título equivalente.

O programa deste curso, que contará con clases teóricas e sesións prácticas, abrangue, na súa Área de Técnica Elemental, temas como aprendizaxe das técnicas, adestramentos dos porteiros, evolución do Fútbol Sala e creación de equipos.

Doutra banda, e xa dentro de Área de Adestramento Deportivo Elemental, alumnas e alumnos adquirirán coñecementos sobre periodización e sesións de adestramento, filosofía didáctica do fútbol sala e orientación á xogadores.

Ademais, ao longo das clases, incidirase sobre temas especialmente importantes como o liderazgo, psicoloxía, ética deportiva, fisioloxía, nutrición e medicina do fútbol sala, xes-

tió de club, regras de xogo e tecnoloxía e fútbol sala.

Tal e como sinalaba o Concello de Mondariz na presentación deste curso federativo, na que participaron o alcalde Xoán Carlos Montes Bugarín e o concelleiro Jesús Vázquez Estévez, “os e as participantes dispoñerán, unha vez rematado o curso, da titulación oficial da RFEF e de todos os coñecementos teóricos e prácticos que lles permitan desenvolver o seu labor ao fronte dun equipo de fútbol sala.

As clases, a razón de seis horas semanais (dous días a semana de 19:30 horas a 22:30 horas) terán lugar nas aulas da Biblioteca Pública Municipal ‘Xoán Xosé Pérez Labaca’ os días 23 e 25 de abril; 2, 7, 9,



14, 16, 23, 28 e 30 de maio e o 4, 6, 11, 13, 18, 20, 25 e 27 de maio.

Para obter o Diploma de Monitor de Fútbol Sala, as alumnas e alumnos deberán ter a avaliación positiva nas distintas áreas e materias das que consta o curso e, ademais, asistir a un mínimo do 75% das horas lectivas programadas para cada materia. O número de alumnos será de un mínimo de 15 e un máximo de 35 e as prazas outorgaranse por rigo-

rosa orde de inscrición. No caso de superarse as 35 solicitudes, os últimos pasarían a formar parte dunha listaxe de espera para o caso de que se produza algunha vacante.

A inscrición pode formalizarse online na páxina web www.futgal.es e aí no apartado Adestradores->Escola->Inscrición Online. Logo, o alumno recibirá por correo electrónico uns códigos para entrar na súa área privada e realizar o pagamento do curso.

Crecente e Arbo renden homenaxe á Garda Civil

O Concello de Arbo celebrou este sábado 14 de abril unha xornada de achegamento, exhibición e exposición da Garda Civil.

Esta xornada organizada polos Concellos de Crecente e Arbo, inédito evento no municipio, é un

sinxelo acto, pero encerra un sentimento moito máis profundo, o sentir dun pobo que sente agradecido por tantos anos de servizo para connosco. Nos momentos máis dramáticos que vivimos nos últimos anos estivo connosco a Garda Civil, son numerosos os servizos pequenos e grandes realizados, pero destacaría aquel momento en que as chamas dun incendio forestal arrasaban unha vivenda e os



axentes entraban e rescataban a unha persoa que podía falecer. O auxilio na estrada, o apoio a mulleres vítimas de violencia de xénero, a solucións en pequenos conflitos e sobre todo a presenza.

Con este acto preténdese achegar á cidadanía o acontecer diario das distintas unidades deste corpo, mostrando os medios dos que dispoñen e explicando os principais labores que de-

sempañan dunha maneira lúdica e con actividades enfocadas cara os máis pequenos.

No ano 1844 créase o Corpo da Garda Civil polo Duque de Ahumada e é no ano 1900 cando se creou do primeiro cuartel da Garda Civil en Arbo, cun cadro de persoal inicial dun cabo e catro gardas, abarcando a demarcación comprendida entre Ponte Cabaleiros e Filgueira (Arbo – Crecente)

As Neves sementando Vida

Nos últimos días que aínda son propicios para a plantación desenvólóronse diversas accións.

A 3ª Andaina do Condado repartiu sementes entre as participantes para que fosen deixadas polos lugares de paso. Sementes que foron doadas ao Clube Cornelios pola Rexión de Murcia.

A obra social de Abanca coa colaboración das Comunidades de Montes de San Xosé de Ribarteme e Taboexa, o grupo de voluntariado e o Concello das Neves realizou a plantación chamada “Para que as nosas árbores volvan estar onde teñen que estar”. A xornada de plantación do sábado 7 de abril foi na área recreativa e panorámica do monte San Nomedio.

Tamén dentro do proxecto o Monte nace na Escola despois



de haber plantado coas crianzas do ceip e as unitarias na Chan de Vide, agora é no instituto onde coa sempre agradecida axuda do voluntariado se procedeu a plantar as árbores doadas pola empresa Darlim.

O Alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, recorda a traxedia, a solidariedade e agora o impulsos de partir de cero, de renacer, de semantar vida. “Traballamos para nós pero sobre todo para as xeracións futuras”.

CONDADO/PARADANTA

Ponteareas celebra o día da árbore coa colaboración Darlim

Os centros escolares colaboran coa na Concellería de Ensino do Concello de Ponteareas, que dirixe a nacionalista Cristina Fer-

nández, celebra o Día da Árbore cos centros escolares de Ponteareas. Grazas á donación realizada pola empresa Darlim, do ponteareán Indalecio Cue-

vas, prantarán preto de cen árbores autóctonas no CEIP Santiago de Oliveira, na Moscadeira, no regato da Venda e nas comunidades de montes de Pías e Guláns.

Todos os centros educativos públicos e concertados incluíndo os IES participarán nesta iniciativa na que recibirán información sobre a importancia das plantacións arbóreas, a súa función no ecosistema, o seu impacto no medio ambiente e na nosa saúde e os coidados que precisan.

Parte destas plantacións servirán para recuperar os terreos queimados polos lumes do pasado mes de outubro. O alum-

nado visitará os montes tendo a ocasión de comprobar in situ as consecuencias do lume e a dura labor que supón recuperar as feridas das lapas.



-13 DE MAIO DE 2018- XII EDICIÓN

Sementeira e Música

PRESENTADO POR: XPI, ALEPI

AMPLIO APARCAMIENTO GRATUITO

AREA RECREATIVA DO MUÑO DA PONTE - PASEO FLUVIAL DO MENDO - CORZÁNS - SALVATERRA DE MIÑO

10:00H Apertura da Feira de Artesanía e da Exposición de Tractores Antigos

11:00H Entrada do Carro de Bois no Torreiro

11:30H Comezan os traballos da labranza e sementeira animados polo grupo **RONCO&FOL e LUCERNAS**

13:00H Pregón a cargo de **EVA IGLESIAS** (Artista de Land Rover)

14:00H Comida campestre (Animada por Ronco&Fol): Carne e Caldeiro, Xamón asado e orella, Empanada e Vinos de colleita, Polbo (Pulpeira do Carballido)

15:00H Espectáculo de Teatro Infantil a cargo de **BARAFUNDA TEATRO**

16:00H Celebración das **V OLIMPIADAS AGRÍCOLAS** (Para adultos e nenas a cargo dos equipos de actividades)

18:30H Actuación do grupo Folk **TANTO NOS TEN**

19:30H Elección do mellor vestido de labrega, Entrega de Premios: Adultos, Infantil e Mellor Grupo

20:00H Concerto Folk **XULIO LORENZO**

ORGANIZA: Asociación Cultural Quinta do Pólvora

COLABORA: SANTIAGO DE OLIVEIRA, BENTON, Sirodio, Facebook

Apoio da Xunta ao Centro de Discapacitados intelectuais



O conselleiro Rey Varela estivo en Crecente visitando o Centro de Discapacitados intelectuais no Centro da Congregación Esclavas da Virxe Dolorosa. Único centro deste tipo no Condado/Paradanta que leva décadas prestando un servizo impagable ás persoas con

discapacidades intelectuais.

O conselleiro trouxo debaixo do brazo unha axuda de 1,2 millóns de euros para financiar a maioría das prazas que alí se ofertan (60 dun total de 80). Na visita estiveron presentes o Alcalde da Vila Julio César García-Luengo, así como a directora xeral Fabiola García.

1985

Restaurante Casa Calvino

Gastronomía tradicional

Lamprea a la bordalesa (en su salsa)

Lamprea ahumada (rellena y adobada)

Angulas - Cabrito lechal

Diversidad de vinos de calidad

Marquesa del Pazo, 34 36440 AS NEVES

Tel: 986 648 040 info@casacalvino.es

Cooperativa Condado Paradanta

36440 As Neves- Pontevedra

Tel: 986 664 602/ 629 813 675

comercial@requesonymiel.com

www.requesonymiel.com

O PORRIÑO

Eva García de la Torre califica de “moi decepcionante” a xuntanza con representantes de ADIF

“Nin proxecto nin borrador, nin estudo, nin proposta algunha”. Este o resumo que fai a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, da xuntanza mantida este luns con representantes de ADIF.

García de la Torre cualifica a reunión de “moi decepcionante”, eido no que coincidían, subliña, os voceiros de todos os grupos da Corporación-Partido Popular, PSOE, UDDL, BNG, EU-SON e a representantes dos Non Adscritos-, que deron por rematada a xuntanza apenas media hora despois de que se iniciase.

O acontecido foi un “despropósito”, engade a alcaldesa que sinala que os delegados de ADIF volveron preguntar ao Concello cales son as súas ideas para retirar o paso a nivel do centro do Porriño, algo que “non entendemos” posto que “xa o deixamos



claro en setembro de 2015, cando estiven en Madrid con responsábeis de ADIF; o reiteramos en 2016 cando sufrimos un accidente no que perderon a vida 4 persoas e 50 resultaron feridas, e o repetimos o pasado mes de setembro, aquí, diante das vías, á directora xeral de Explotación e Cons-

trucción de ADIF, só hai dúas alternativas posíbeis: ou se fai un desvío ou se soterran as vías, pero o tren non pode seguir circulando polo centro da vila, algo que os porriñeses levamos reclamando dende 1948”.

Así reiterouno García de la Torre, e os voceiros de todos os grupos municipais, ao sub-

director de Infraestruturas de ADIF, Juan Tebar, e ao xefe de área de Pasos a Nivel de ADIF, Francisco Javier Soto del Río, que xunto con tres representantes da consultora G.O.C, entre eles o enxeñeiro Antonio Moreno, estiveron este xoves no Concello.

Estes cinco representantes o único que expuxeron é que

o borrador de orzamentos xerais do Estado para este ano recolle unha partida de 880.000€ para a realización dun estudo previo sobre a supresión do paso a nivel, “nada máis”, e ignora, salienta a alcaldesa, o proxecto iniciado en 2006, “que caduca este mesmo ano, no mes de novembro”, sobre a ‘saída sur’ de Vigo no que se contempla un cambio no trazado das vías que deixarían de pasar polo casco urbano do Porriño.

“Rematada a xuntanza pediulle aos membros de ADIF e aos técnicos que ese estudo previo non se limite a uns cálculos, senón que consideren as nosas circunstancias: que vexan a qué velocidade transita o tren polo medio da vila ou a distancia, de moi poucos metros, á que pasan os vagóns das casas”, conclúe a alcaldesa.

A policía local sumase á campaña de control de velocidade de tráfico

Dende este luns, día 16 de ata o domingo, 22 de abril, a Policía Local do Porriño súmase á campaña de control de velocidade posta en marcha pola Dirección Xeral de Tráfico.

O obxectivo da mesma é o de reducir o número de mortos e feridos causados polo exceso de velocidade: segundo os datos de Tráfico, transitando a unha velocidade axeitada poderían evitarse a cuarta parte de todas as mortes que se producen, anualmente en todo o país, en accidentes de circulación.

A campaña, que se impulsa, ao mesmo tempo, en 25 países europeos por medio da Organización Internacional de Policía de Tráfico (TISPOL),

quere mandar a mensaxe de que hai que respectar os límites de velocidade, considerando que no 21,5% dos accidentes mortais ocorridos no ano 2016 a velocidade foi un factor determinante.

O aumento do número de mortes por mor do exceso de velocidade aumentou, principalmente, en vías urbanas, cun crecemento do 18% o que fixo que en 2016 un total 386 peóns faleceran atropelados, o que representa 19 mortos máis que o ano anterior e preto do 25% de todas as vítimas de accidentes de tráfico.

Neste eido, a Organización Mundial da Saúde vén de facer público un estudo no que se



indica que o risco de morte entre peóns é do 80% se son atropelados a 50 quilómetros por hora; por riba dos 80 quilómetros por hora as posibilidades do peón de sobrevivir son nulas mentres que a unha velocidade de 30 quilómetros por hora o risco de morte é do 10%.

Os responsables do ADIF faltan o respecto á veciñanza do Porriño

Para o BNG a reunión de no Concello foi decepcionante e demostra a falla de vontade do ministerio para resolver o problema do paso a nivel.

A xuntanza mantida entre os voceiros dos distintos grupos presentes na corporación do Porriño e o subdirector de Infraestruturas de ADIF, o xefe de área de Pasos a Nivel de ADIF e representantes da consultora G.O.C, non pode ser cualificada doutro xeito que de decepcionante. Que despois de todo o tempo transcorrido e dos distintos estudos xa realizados os responsables do Ministerio de Fomento se presenten no Porriño sen ningún proxecto e só para pedirlle ao Concello que faga as súas

propostas, é unha auténtica tomadura de pelo. O ADIF está a faltarlle o respecto ás veciñas e veciños do Porriño.

Eles son os técnicos de infraestruturas, eles teñen os datos, eles coñecen o problema e as posibles solucións. Como é posible, xa que logo, que veñan agora a pedir que dende o Concello se propoñan alternativas á supresión do paso a nivel? Cómo é posible que teñan tan pouco rigor técnico?

Se houber vontade real de eliminar o paso a nivel e resolver un problema histórico que padece o Porriño dende hai máis dun século, o ADIF xa tería avanzado nos proxectos e estudos técnicos elaborados.

LOURIÑA

O PORRIÑO/SALCEDA

Saneamento para 200 casas de Budiño

A vindeira semana empezan na parroquia de Budiño uns dos traballos máis importantes do mandato do actual Goberno local do Porriño que permitirán a conexión á Rede Municipal de Saneamento de máis de 200 casas.

Os mesmos, impulsados pola Concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, serán acometidos por Augas de Galicia, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural de Galicia (FEADER) e permitirán que a rede do saneamento chegue aos barrios da Cruz, Vaquería, Vitureira e se espallen ata o torreiro da Forña, en Budiño.

Trátase dunhas obras longamente desexadas por veciños desta parroquia que, subliña Manuel Carrera, “nalgún caso levan agardando dez anos” para conectar as súas vivendas á rede municipal de sa-



Manuel Carrera e o director xeral de Augas de Galicia, Roberto Rodríguez Martínez, durante a xuntanza que mantiveron en Santiago.

neamento e tamén por aqueles que queiran trasladarse a esta parroquia e que agora poderán facelo sen necesidade de ter que construír un pozo séptico.

Carrera, que o xoves pasado mantivo unha xuntanza en Santiago de Compostela co director xeral de Augas de Galicia, Roberto Rodríguez para darlle pulo a este proxecto, lembra que o mesmo, “que finalmente será unha realidade, data de de xaneiro

de 2014, aprobábase polo Pleno do Concello daquela e, por motivos que non teñen explicación, fora esquecido”.

Hoxe, cun orzamento total de 425.000€ e un período de execución de 4 meses se fai realidade e fará posible levar o saneamento a preto de 1.000 veciños e veciñas, “continuando co propósito de que a rede municipal de saneamento chegue a todo O Porriño”.

O Concello celebra o ‘Día Internacional da Auga’ distribuindo 3.000 exemplares dun manual de bos usos da mesma

No marco do Día Internacional da Auga, o Concello do Porriño vén de entregar 3.000 exemplares dun manual de bos usos co título ‘No Porriño amamos a auga’, que distribuíuse en establecementos comerciais e centros de ensino da vila.

O obxectivo desta iniciativa é acadar o interese e a atención das veciñas e veciños do Porriño no que se fala dos motivos para aforrar auga, o tratamento da mesma para o seu consumo, os diferentes servizos públicos da auga, as iniciativas e accións que poden desenvolver as familias para contribuír á protección deste ben común, un repaso sobre o ciclo hídrico, como utilizar a calefacción e o aire acondicionado, as billas ou como temos que empregar a auga na horta e no xardín.

Así mesmo, este xoves, a alcaldesa do Porriño, coma presidenta de Augas do Louro, asistiu á celebración da segunda xornada de portas abertas na estación depuradora deste organismo en



Guillarei.

Durante a mesma tivo lugar a presentación do terceiro concurso de debuxo infantil, que este ano tratará sobre a potabilización co lema “A emocionante viaxe da auga dende a natureza ata a túa casa”. O premio para o gañador de cada Concello será unha Tablet Samsung de 7 polgadas e para os finalistas unha cámara dixital acuática.

No concurso participarán rapazas e rapaces de 3º e 4º de Educación Primaria dos Concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, sendo o prazo de presentación dos debuxos o comprendido entre o 1 de Abril e o 20 de Maio.

Salceda contará coa súa primeira pista de petanca

O Concello de Salceda de Caselas está a construír nestes días a que será a primeira pista de petanca habilitada no municipio e que neste caso estará instalada xunto ao parque infantil da parroquia de San Xurxo, no recinto no que se atopan tanto a Igrexa como o Centro Cultural. A solicitude desta pista de petanca fora trasladada ao Concello pola Asociación de Veciños de San Xurxo, e paralelamente por un colectivo de persoas afeccionadas a practicar este deporte, moi coñecido en Francia e Cataluña pero que nos últimos tempos

está a ter cada vez máis presenza nesta zona. De feito, un grupo de persoas traballa xa na creación dun club federado para participar en diferentes ligas e torneos de petanca. É un deporte moi apropiado para maiores, pero tamén para xente nova, xa que se require moita destreza, non necesita unhas condicións físicas especiais e, non ten risco de lesións.

Xunto coa creación desta pista estanse a levar a cabo obras de mantemento e mellora do parque infantil de San Xurxo, que agora compartirá espazo coa petanca. Así, procedeuse

á reparación dos xogos estropeados e á reubicación dalgúns deles para un maior aproveitamento do espazo. Nos vindeiros días colocárase tamén unha fonte para dar por ramatado o espazo, no que se prevén que pasen a convivir persoas de tódalas idades tanto da parroquia de San Xurxo como das restantes parroquias do Concello.

Loli Castiñeira, Concelleira de Parques e Xardíns, agradeceu o enorme traballo que está a realizar a Asociación de Veciños de San Xurxo, así como o seu hábito de comunicación constante co Conce-



llo, demostrando unha vez máis que a colaboración entre entidades ofrece sempre os mellores resultados. Así mesmo, destacou a importancia da dinamización das diferentes parroquias de Salceda: “queremos dar máis vida aos nosos parques e xardíns dotándoos de actividades alternativas

que se poidan practicar alí e que melloren a usabilidade por parte da cidadanía. Por iso, cremos que esta pista de petanca que solicitaron é unha boa iniciativa para impulsar máis os deportes e xogos populares e tamén para dar a coñecer máis os espazos de uso público”.

SALCEDA

A auga das fontes de Salceda é apta para o consumo humano

O Concello de Salceda a través da Concellaría de Medioambiente que dirixe Carla Pérez ven de realizar análises na auga de 41 fontes públicas, escollendo aquelas máis frecuentadas polos veciños e veciñas. Os resultados son moi positivos, establecendo a potabilidade en 38 das 41 fontes analizadas. Estas fontes contarán coa súa correspondente placa informativa na que se dará conta da última análise realizada. Lembran sen embargo dende o Concello que os resultados non teñen garantía sanitaria máis alá do momento no que se realizan as análises, pero son un bo indicativo do estado da auga.

As análises periódicas permiten coñecer a situación das diferentes fontes, e establecer



protocolos de actuación naqueles casos en que os resultados sexan negativos pero que poidan ser corrixidos. Nesta ocasión pasouse de 33 a 41 fontes analizadas, dando así unha maior cobertura ao longo das sete parroquias do municipio.

O Concello de Salceda leva anos facendo un importante esforzo na recuperación do pa-

trimonio entre o que se inclúen diversas fontes, como a fonte Rubás que se está a poñer en valor na actualidade e que presenta unha análise favorable e apta para o consumo humano. O traballo feito en acadar o saneamento da maior parte dos barrios e espazos públicos resulta sen dúbida fundamental para a obtención destes resultados tan positivos.

Rematadas as obras de accesibilidade á Igrexa e Cemiterio de Soutelo

O Concello de Salceda de Caselas ven de rematar as obras de accesibilidade á Igrexa e Cemiterio de Soutelo. O proxecto, valorado en 7.638,52 foi posible grazas á financiación da Deputación Provincial de Pontevedra, en base ás subvencións dirixidas aos Concellos da provincia de Pontevedra para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural, que o Concello de Salceda solicitou para levar a cabo esta obra, en colaboración coa Comunidade de Montes da parroquia de Soutelo.

O Equipo de Goberno segue así no proceso de eliminación de barreiras arquitectónicas en todo o municipio, centrándose na accesibilidade dos edificios e espazos públicos e/ou de interese xeral. Neste caso solu-



cionouse a accesibilidade tanto á Igrexa como ao Cemiterio parroquial, que se atopan situados á mesma altura.

O Concello de Salceda leva acometido xa obras de accesibilidade nas Igrexas de Parderrubias e Santa María, co obxectivo de que nas sete parroquias se eliminen as barreiras arquitectónicas tamén no patrimonio vinculado á relixión.

Marcos Besada, Alcalde de

Salceda: “Seguimos a traballar en achegar e poñer en valor o noso riquísimo patrimonio cultural e histórico. Ademais, Salceda está a dar grandes pasos no camiño de conseguir a total accesibilidade para tódalas persoas aos lugares públicos e de interese. Nese senso seguiremos a poñer tódolos nosos esforzos con esta e outras melloras imprescindibles para lograr o noso obxectivo. É de xustiza”.

Salceda aposta pola mellora da rede viaria nas súas parroquias



O Concello de Salceda de Caselas ven de presentar as solicitudes de investimentos a realizar dentro do Plan Concellos 2018 da Deputación Provincial. Nesta ocasión o Concello decide facer unha forte aposta pola mellora da rede viaria do rural, para o cal reserva un total de 339.265,35 €, que se destinarán a mellorar as estradas nas diferentes parroquias, priorizando aqueles casos que os veciños e veciñas e as diferentes asociacións foron solicitando.

Así, vanse facer melloras tan demandadas como a da estrada que une os barrios da Laxe e o Pazo (San Xurxo e Picoña), a mellora da estrada entre o Borrallío e Pantel (Soutelo – Parderrubias) ou a mellora da subida ao Centro Cultural da Feira na parroquia de Santa María., ademais de melloras en camiños como o de Pegullal-Altamira (Santa María), Fon-

tán – Igrexa (Parderrubias) ou Alto do Cairo (Soutelo).

Con estas obras, proséguese na liña establecida dende o Goberno Municipal, de mellora da rede de estradas do Municipio, con intervencións constantes nas sete parroquias que conforman Salceda de Caselas.

Miguel González, Concelleiro de Vías e Obras: “A mellora dos vías do rural seguirán a ser unha prioridade para este Goberno. Con estas actuacións damos resposta ás demandas feitas polos veciños e veciñas das diferentes parroquias do Concello”.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “Seguimos a facer importantes investimentos no rural. Este ano gran parte do Plan Concellos irá destinada á mellora das nosas parroquias, e estas obras de mellora da rede viaria son boa mostra. Seguimos así a construír a Salceda que soñamos entre todos e todas”.



LOURIÑA

MOS

Medio Ambiente ampliará as zonas de investigación para determinar a presenza de lindano en Mos

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio vén de propoñer ao Concello de Mos ampliar as zonas nas que se focalizou o estudo para determinar a posible presenza de lindano neste municipio. Así llo trasladou hoxe a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, María Cruz Ferreira Costa, á comisión de seguimento da posible contaminación por lindano do Concello de Mos.

Durante a reunión, déronse a coñecer os resultados das analíticas realizadas nas zonas do concello identificadas na planificación inicial (San Rafael, Cristo de Belén e Sanguineda)

e tamén noutros puntos (Camiño da Fábrica-Pereiras) que non estaban previstos inicialmente pero que se incorporaron á investigación por acordo da comisión celebrada en marzo. Á vista das análises, pode concluírse que malia que na meirande parte das mostras realizadas, tanto en auga como en terra, non se detectou presenza de lindano, nalgunha zona puntual si se atoparon trazas desta substancia pero por debaixo dos límites establecidos.

Así, María Cruz Ferreira precisou que estas trazas foron localizadas, concretamente, no vial que baixa paralelo ás antigas instalacións de Zeltia e na Ronda da Costilleta, puntos que

seguirán sendo obxecto de seguimento e vixilancia por parte da Consellería de Medio Ambiente, que tamén ten prevista a ampliación das zonas obxecto de investigación co fin ofrecer as máximas garantías desde un punto de vista ambiental.

Neste sentido, Ferreira trasladou que, se ben non se ten constatado a existencia de ningún foco de contaminación importante, os indicios acumulados aconsellan ampliar a investigación nas zonas onde se evidenciou a presenza de trazas de lindano. Tal e como se acordou durante a propia comisión, os novos puntos do concello de Mos a investigar serán Fondo de Atín (Cela) e

Pozo Negro (Petelos).

Por outra banda, María Cruz Ferreira volveu trasladar a máxima colaboración da Xunta co Concello de Mos a través da comisión de seguimento, constituída o pasado 7 de febreiro e na que participan varias asociacións de veciños, membros de todos os grupos políticos da corporación municipal, da empresa que está a realizar a toma de mostras e da propia Consellería de Medio Ambiente.

Finalmente, na comisión acordouse celebrar unha nova reunión o próximo mes de maio, seguindo co calendario previsto de reunións mensuais de seguimento.

O BNG de Mos pide que a Xunta faga un aparcamento no Cunqueiro

En pleno debate sobre o aparcamento que está facendo o Concello de Vigo a carón do Álvaro Cunqueiro, o BNG de Mos esixe á Xunta de Galiza que faga ela un aparcamento nas parcelas que para uso dotacional ten perto do hospital.

É moi sinxelo esixir aos demais mentras evade a súa responsabilidade. Sen esquecer o enorme despropósito que supón que o aparcamento do propio hospital estea en mans privadas, e eso si é responsabilidade directa da Xunta.

Que Vigo vaia cobrar no seu aparcamento parécenos absolutamente insolidario cos demais habitantes da comarca, pero non deixa de ser comprensible ante a deixadez da Xunta en solucionar o problema de aparcamento que hai no hospital.

Buscamos con esta moción que a corporación apoie a creación deste aparcamento o que pode mitigar en gran maneira un dos graves problemas que ten a nosa cidadanía cando vai ao hospital.

Aberto o prazo de inscrición no curso de monitor de ocio e tempo libre

O curso vai destinado a persoas maiores de 18 anos de idade en posesión do título da ESO ou do graduado escolar. A acción formativa será impartida por Koremi, escola de tempo libre dende 2003, 15 anos de traballo neste sector.

O curso ten unha duración total de 350 horas, 200 teóricas e 150 prácticas. A práctica profesional realizarase en contornos reais con distintos colectivos. Terá lugar no Multiusos das Pozas (Petelos) e realizarase todas as fins de semana, comezando o sábado

28 de abril e finalizando o domingo 22 de xullo. O horario será os sábados de 9.00 a 14.00 horas e de 15.30 a 20.30 horas, e os domingos de 9.00 a 14.00 horas, excepto o último domingo, 22 de xullo, que será tamén en horario de tarde. O prezo xeral é de 220 euros e con desconto para persoas en situación de desemprego 195 euros ou titulares do carné

xove. O máximo de participantes no curso será de 25 persoas e o mínimo de 15.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o vindeiro 25 de abril, nas oficinas da OMIX, no Rexistro do Concello de Mos ou na sede electrónica do Concello. Máis información no teléfono ao 986.339.404 ou escribir ao correo electrónico omix@concellomos.es



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

BUEU

IV Xornadas das Alfombras Florais

Atres meses para a celebración da festividade do Corpus, a Asociación das Alfombras de Bueu, en colaboración co Concello de Bueu e outras entidades, organiza as IV Xornadas das Alfombras Florais, que inclúen exposición fotográfica, diversas conferencias e gala de homenaxe ás alfombristas.

O programa arrancou coa inauguración dunha exposición fotográfica na Sala Domínguez Búa na que se poderán ver imaxes das alfombras dos anos 70 a 90, as viaxes internacionais dos membros da Asociación no marco da Comisión Internacional e algunhas de municipios galegos onde se confeccionan este tipo de tapices florais. Estará aberta ao público ata o 29 de abril, en horario de 11 a 13.30 e de 17 a 20.30 todos os días.


O venres 13 e sábado 14 houbo sendas conferencias da man de Rafael Sánchez Bargiela, Director Xerente do Plan Xacobeo, e Vicenta Pallarés, Presidenta da Comisión Xestora Internacional de alfombristas de Arte Efémoro, no Museo Massó, onde estiveron presentes varias delegacións de alfombristas galegas.

O 15 de abril será o día máis agardado, pois está programada a Gala Homenaxe ás Alfombristas da vila bueuesa, que se celebrará no Centro

Social do Mar ás 18.30 horas. Alí, como xa vén sendo habitual dende fai catro anos, entregarase un agasallo a diversas persoas e asociacións que colaboraron dende sempre para manter viva esta tradición que forma parte da cultura colectiva. Tal é o caso da familia Estévez, da familia Quintela e do grupo de veciños e veciñas da zona alta da rúa Eduardo Vincenti, así como os alfombristas da parroquia e da Praza de Abastos, ou o Club Golfiños. A xornada rematará coa actuación de "Médula".

Para a seguinte semana, teremos una charla homenaxe dedicada ao pintor Xosé Benito Otero Baena, que se celebrará o 20 de abril ás 20.30 horas no Centro Social do Mar, acompañada da música do grupo "Son Trio". Titulada "Un pintor sen pinceis", intervirán Covadonga López, directora do Museo Massó, que falará da relación de Otero Baena con Urbano Lugrís; Marta Otero, filla do pintor, que será a encargada de explicar a súa faceta máis persoal, e Beatriz Sal Ildfonso, conservadora do Museo de Pontevedra, que abordará a súa vertente máis artística.

Por último, o 21 de abril



clausurarán estas xornadas cunha charla sobre o Pergamiño Vindel a cargo da profesora e filóloga Mariña Arbor Aldea, acto que se poderá seguir no Museo Massó a partir das 20.00 horas. O punto e final porao o grupo "The Swinging Flamingos".

A festa das alfombras do Corpus de Bueu conta con moita tradición, desde mediados do século XVII, acadando un gran esplendor nos anos 40 e 50 do pasado século. Despois de tanta historia, no 2015 naceu a Asociación Cultural das Alfombras, cun duplo obxectivo: revitalizar esta tradición e levala máis alá das nosas fronteiras. Por iso, dende o pasado ano xa conta co distintivo de Festa de Interese Turístico de Galicia.

O alcalde de Bueu informa aos veciños sobre o PXOM e a piscina municipal

O alcalde de Bueu, Félix Juncal, e o grupo de goberno continúan coa xeira de reunións coa veciñanza para informar do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e da piscina municipal. En semanas anteriores estiveron en Meiro, Agrelo e na Casa do

Pobo de Beluso.

As seguintes xuntanzas terán lugar o 19 de abril, na Escola Unitaria de Cabalo, o 26, no Centro Sociocultural de Cela, o 3 de maio, no auditorio do IES Johán Carballera, e culminarán o 10 de maio no Centro Social do Mar de Bueu.



Bueu conmemora o Día da Terra

O concelleiro de medio ambiente de Bueu, Adrián Ferrer, está organizando diversas actividades para conmemorar o Día da Terra, que se celebra o 22 de abril. Así, a actividade central desta efeméride será a convocatoria dun concurso de carteis dirixido aos centros educativos de secundaria da vila, e cuxo gañador/a se fará cun premio de 100 €. As bases saíran proximamente publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e o prazo de presentación de traballos será de quince días hábiles a contar dende a publicación do extracto por este mesmo medio.

Así mesmo, tamén está programada a realización dunha alfombra a cargo da Asociación de Alfombras de Bueu con temática ambiental e baixo un deseño do artista

bueués Marc Taeger. Os rapaces e rapazas serán protagonistas dos obradoiros ambientais que se celebrarán no Centro Social do Mar, e que tratarán sobre pintura decorativa en follas de árbores e tamén de arte e reciclaxe na natureza.

Por último, e co obxectivo de sensibilizar ao alumnado de primaria dos centros educativos, un axente de conservación da natureza ofrecerá diversas charlas para informar do traballo diario, dos incendios e da recuperación de flores silvestres. De feito, no CEIP A Torre de Cela xa terá lugar o próximo venres, 13 de abril, ás 12.00 horas, e nela realizarase ademais unha solta de animais. Dende a concellaría informan de que cara a finais de mes se programarán as charlas nos demais colexios de primaria da vila.

**Xornal galaico-portugués
busca xornalista e comercial
para O CONDADO e A LOURIÑA**

**Boas condicións . Precísase con coche
Enviar curriculum e experiencia a:
redaccion.ndt@gmail.com**

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Os escolares guardeses participan nas xornadas didácticas da campaña gastronómica «Lamprea do Miño»

As cativas e cativos de 6º de primaria dos centros de ensino guardeses participaron esta semana nas xornadas didácticas «Coñeces a lamprea?», no marco da campaña gastronómica «Lamprea do Miño» organizada polo Concello da Guarda.

Un total de 88 escolares dos centros de ensino San José-Hnas. Carmelitas, Padres Somascos, A Sangriña e Manuel Rodríguez Sinde acudiron por quendas durante o luns e o martes á actividade, que se celebrou na Casa dos Alonso. Alí, as cativas e cativos puideron experimentar cos aparellos, redes e traxes de pesca utilizados polos lampreeiros do Miño, e mesmo analizar de preto unha lamprea ao vivo.

A técnica de Turismo do Concello da Guarda, Rosalía Verde, foi a encargada de introducir ao alumnado nas características deste peixe e as técnicas de pesca utilizadas no noso río. Deseguido, puideron ampliar os seus coñecementos coa visualización dun documental, no que un investigador amosou máis polo miúdo as características da lamprea como especie migratoria, e un pescador local amosou dende a súa propia embarcación o proceso de captura.

Os mozos lampreeiros Hector



Morais e Ismael Sousa abrairon aos cativos e cativas coa súa intervención. Cunha ampla experiencia na materia (pois, segundo contaron, introducíronse na profesión da man de seus pais), os pescadores comezaron explicando os trámites necesarios antes do comezo da tempada de peca (tales como a consecución do permiso) e profundaron na riqueza do noso río, así como no seu día a día na pesca.

Nesta liña, o alumnado agradeceu especialmente coñecer os elementos de seguridade propios das embarcacións, tales como as bengalas e os salvavidas, ademais do obrigado chaleco. Os rapaces e rapazas amosáronse moi atentos e curiosos ás explicacións, e mesmo se atreveron a formulas as súas ideas e dúbidas.

Ao remate das xornadas, o alumnado comprometeuse a realizar uns debuxos centrados

na lamprea do Miño, que serán expostos nos establecementos adheridos á campaña durante a fin de semana.

A campaña gastronómica «Lamprea do Miño» celebrárase os días 14 e 15 de abril nun total de 11 bares e restaurantes da vila, co obxectivo de potenciar A Guarda como destino gastronómico da lamprea.

Os veciños e visitantes poderán degustar este peixe na súa preparación máis tradicional (á bordalesa) a un prezo único de 18€ por ración. A lamprea enteira terá un prezo de 50€.

Os establecementos adheridos á campaña son: Area Grande, Arruaz, Brêtema, Camping Santa Tecla, Bar Casa Aquilino, La Pizzicata, Marbella, Marusía, O Cangrexal, Os Remos e O Roxo. Dada a larga elaboración que precisa este manxar, aconséllase reservar o prato previamente nos restaurantes.

O Concello presenta no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o proxecto da nova escola infantil municipal

A obra suporá un investimento aproximado de 600.000€, cofinanciado pola Xunta de Galicia e o Concello da Guarda.



O alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, e a concelleira de Servizos Sociais, Teresa Vicente, reuníronse esta mañá en Santiago de Compostela co xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, co obxectivo de presentar o proxecto da nova escola infantil da Guarda e concretar a aportación económica de cada administración.

Nesta liña, Perfecto Rodríguez estableceu un tope máximo na aportación da Xunta de Galicia “segundo os parámetros marcados polo FEDER” (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) cos que se cofinancia a actuación. Así, co 70% aportado pola Xunta a través dos fondos europeos e o 30% financiado polo Concello, o proxecto suporá un investimento aproximado de 600.000€.

Os representantes municipais amosaron durante o encontro o proxecto da nova escola infantil municipal, elaborado seguindo as pautas marcadas polos técnicos do Consorcio Galego. Obligáronse a seguir traballando para achegar en

breve unha proposta definitiva, co compromiso de Perfecto Rodríguez de incluír esta actuación nos orzamentos da Xunta de 2019.

A nova gardaría ocupará a planta baixa do edificio no que se atopaban as antigas vivendas do colexio Manuel Rodríguez Sinde e contará con 41 novas prazas para cativos e cativas de entre 0 e 3 anos. As obras de reforma comezarán, previsiblemente, o próximo ano.

Teresa Vicente e Antonio Lomba aproveitaron o encontro para lembrar ao xerente do Consorcio Galego a súa petición de incluír a Escola Infantil Municipal da Guarda na Rede Galega de Escolas Infantís “A Galiña Azul”. Ao respecto, o xerente alegou que esta demanda non poderá ser atendida en tanto a regularización das aportacións municipais que xa forman parte da rede non conclúa. Neste senso, o rexedor local subliñou a necesidade de axilizar o proceso de regularización, para que o Consorcio Galego poda incorporar novas escolas, posto que corporación municipal pediu por primeira vez a súa inclusión en febreiro de 2016.

**Talleres
Guiller Motor**

Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41

A GUARDA

Ante a pasividade da Xunta, o Concello instalará unha marquesiña na Gándara

O pasado 28 de marzo celebrouse, no concello da Guarda, unha xuntanza entre os veciños da Gándara que reclaman unha marquesiña na PO-552, o alcalde da Guarda, Antonio Lomba, e o concelleiro de servizos e veciño da Gándara, Paulino Rodríguez.

O motivo da reunión era o de informar, por parte do concello, das xestións feitas para reclamar, diante da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, a mencionada marquesiña e dar unha solución a problemática que sofren os gandarenses.

Os responsables municipais comunicaron aos veciños de que a responsabilidade de repoñer a marquesiña na Gándara é da Xunta de Galicia dado que ten as competencias sobre o transporte de viaxeiros e as infraestruturas relacionadas con este servizo, e ademais neste caso, a com-



petencia da estrada PO-552 tamén é da Xunta, dado que pertence a Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

Dado que as xestións que se levan facendo dende o concello dende fai máis dun ano para que Mobilidade repoña a marquesiña non deron froito. Vendo, polas últimas comunicacións recibidas no concello, que non existe compromiso firme da Dirección Xeral de Mobilidade, de resolver o problema nun prazo breve. Considerando que os

veciños da Gándara están sendo prexudicados pola inacción da administración autonómica ao non asumir as súas responsabilidades, o alcalde da Guarda comprometeuse a que o concello instalará, nun prazo breve, unha nova marquesiña. A súa vez pediu á representación de veciños e veciñas que acudiron a reunión o seu apoio para reclamar da Xunta de Galicia o custo da marquesiña, que polos orzamentos que se manexan dende o concello pode superar os 4000 €.

Aberto o prazo para participar no Certame de Microrrelatos 2018

A Biblioteca Pública Municipal da Guarda ven de abrir o prazo para participar no Certame de Microrrelatos 2018, co obxectivo busca fomentar a lectura, o talento e a creación literaria entre as persoas adultas e os máis mozos do municipio.

Todas aquelas persoas que desexen aportar a súa breve narración, poderán facelo ata o vindeiro 17 de abril entregando unha copia impresa no departamento de Cultura do Concello da Guarda (entre as 9 e as 14 h de luns a venres) ou no Centro Cultural (de 10 a 13 h e de 17 a 20 h de luns a venres e de 10 a 13 h os sábados).

A convocatoria está aberta á participación de persoas de to-

dalas idades e a temática será libre, namentres os textos deberán cumprir os seguintes requisitos: deben estar escritos en lingua galega, non debe superar as 150 palabras (sen incluír o título) e deben ser orixinais e inéditos.

O 20 de abril farase entrega dun agasallo a todos os participantes neste Certame de Microrrelatos 2018 na Biblioteca Municipal ás 18 horas. Deseguido, procederase a expor todos os traballos recibidos no Centro Cultural.

O Certame de Microrrelatos é unha iniciativa da Concellería de Cultural do Concello da Guarda coa que se conmemora o Día Internacional do Libro (23 de abril) e o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril).




NOVAS DA RAIÁ

5ª Maratona BTT “Berço do Alvarinho”

Pontuável para o Campeonato do Minho de BTT XCM – AFA Cycles e para a Taça de Portugal de XCM, a 5ª Maratona BTT “Berço do Alvarinho”, realiza-se, no dia 22 de abril, domingo, em Monção, estando previstos percursos de maratona, meia-maratona e maratona-curta. Numa perspectiva de lazer, a iniciativa destina-se igualmente a praticantes informais.

Organizada pelo Clube de Cicloturismo de Monção, em parceria com a Associação de Ciclismo do Minho e Câmara Municipal de Monção, a 5ª Maratona BTT “Berço do Alvarinho” será disputada por estradas, caminhos e trilhos de diversas freguesias de Monção, começando e terminando na Praça Deu-la-Deu Martins. A partida está marcada para as 10h00.

Aberta à participação de todos os interessados, independentemente de serem ou não atletas federados, a 5ª Maratona BTT “Berço do Alvarinho” prevê a inscrição nas habituais categorias de competição, de lazer e de para-ciclismo. A prova conta ainda com os apoios da Federação Portuguesa de Ciclismo, AFA



Cycles, Cision, Arrecadações da Quintã, e Raiz Carisma – Soluções de Publicidade.

Monção no centro das comemorações do Dia da comunidade Luso-Brasileira

Monção comemora o Dia da Comunidade Luso-Brasileira com a realização do colóquio “Portugal/Brasil – A descoberta continua, a partir de Monção”, marcado para o dia 20 de abril, sexta-feira, pelas 9h30, na Escola Profissional de Monção. A sessão de encerramento será presidida pelo Secretário de Estado das Comunidades Portuguesas, José Luís Carneiro.

Promovida pela Associação de Estudo, Cooperação e Solidariedade “Mulher Migrante” com a colaboração da Câmara Municipal de Monção e apoio de várias entidades, esta iniciativa pretende celebrar o momento histórico em que Pedro Álvares Cabral avista terra no Brasil, onde é hoje Porto Seguro, no dia 22 de abril de 1500.

O colóquio dará a oportunidade de debate em torno de questões de emigração, cidadania e lusofonia a nível nacional, com particular enfoque no nosso concelho, através da apresentação de duas conferências proferidas por Ernesto Português e José António Barreto Nunes, dois ilustres cidadãos de mérito do concelho de Monção.

Com a presença de palestrantes especializados no estudo e investigação das relações entre Portugal e Brasil, o colóquio presta homenagem a Ruth Escobar, a primeira mulher eleita deputada à Assembleia do Estado de São Paulo e a primeira representante do Brasil nas Nações Unidas.

Além de promover a história da emigração junto da comunidade educativa, a pre-



sente iniciativa pretende reforçar o papel da língua e da literatura portuguesa na diáspora lusa, debater aspetos da história da emigração em termos nacionais e regionais e valorizar testemunhos que fazem parte da nossa realidade cultural e social.

O Concello de Tui e AFAGA poñen en marcha do programa Cuidand@-me

Vai dirixido a cuidadores familiares de persoas dependentes ou con discapacidade. Ofértanse 15 prazas

O Concello de Tui, a través dos Servizos Sociais Comunitarios, e AFAGA, a Asociación de Familiares de Alzheimer e outras demencias de Galicia, organizan o programa psicoeducativo para cuidadores familiares de persoas dependentes ou con discapacidade Cuidand@-me. Desenvolverase entre os meses de maio e novembro cun total de 24 sesións

os luns de 11 a 12.30h no Centro Sociocomunitario de Tui. Ofértanse quince prazas, e unha vez cubertas elaborase unha lista de agarda.

Este programa forma parte das accións desenvolvidas dende os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Tui no marco do convenio asinado con AFAGA. Vai dirixido á poboación en xeral, pero terán prioridade aquelas persoas que teñan familiares dependentes e/ou con discapacidade e necesidade dunha terceira persoa. Os interesados deberán presentar o modelo oficial de solicitude por rexistro de entrada na casa do concello até o venres 20 de abril.

O programa Cuidand@-me busca ofrecer unha atención integral aos cuidadores familiares para previr ou minimizar as consecuencias que ten na súa propia saúde as atencións continuadas a un familiar maior con dependencia. Empregando unha metodoloxía grupal informarase e formarase aos participantes,



apoiándoos emocionalmente e promocionando momentos de descanso activo e relación social con outras persoas na mesma situación.

En concreto ao longo das 24 sesións do programa, e estruturadas en catro áreas Saber e Coñecer, Autocoidado, Eficacia para o día a día, e Emocionario, abordarase as patoloxías que causan dependencia nas persoas maiores, formarase aos participantes en técnicas sanitarias para previr riscos no domicilio e que poidan prestar actuación de atención directa de calidade. Tamén se orientará sobre os recursos que ofrece a comunidade para coidar a un familiar dependente, se promocionará o autocoidado do cuidador familiar, se traballará en aspectos emocionais para asumir o rol de cuidador

Os interesados poden acadar máis información sobre Cuidand@-me nos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Tui, no 986 22 97 97 ou no correo psicologia@afaga.com.

Salceda recuperará a Rúa Compostela para as persoas

A Rúa Compostela pasará a formar parte das rúas humanizadas do casco urbano de Salceda grazas a unha nova actuación enmarcada no Plan Concellos 2018, para a cal se reserva unha partida de 123.769,33 €. Esta nova actuación enmárcase dentro da política de humanizacións que está a desenrolar o Concello de Salceda, dando continuidade aos proxectos xa levados a cabo no entorno da Praza do Concello, así como nas rúas Pontevedra, Av. De Galicia, Victoriano P. V., Joaquín Fernández Sestelo e recentemente tamén na Rúa Rafael Tilve Adrio. Conséguese así que tanto a imaxe como o sistema de infraestruturas do casco urbano se vaian renovando e modernizando, priorizando en cada unha das actuacións a recuperación dos espazos para uso do tráfico peonil, favorecendo así a mobilidade dos colectivos máis vulnerables: persoas con mobilidade reducida, infancia e terceira idade, coa su-



presión de barreiras arquitectónicas que conleva a creación de espazos universais e accesibles para todos e todas.

A obra suporá ademais a creación dunha pequena praza diante do actual Centro de Saúde, mantendo así sempre o peón como centro da proposta. Para a praza, ao igual que para as beirarrúas seguirase a apostar polo gránito, aproveitando a tradición dos oficios de canteiros en Salceda, seguindo o modelo que se ten empregado nas restantes humanizacións xa levadas a cabo.

O Concello de Salceda se-

que así coa liña iniciada no ano 2007, de recuperación dos espazos públicos para as persoas. Os vehículos pasan a convivir dun xeito amable cos peóns, pero estes/as gañan maiores espazos e maior comodidade á hora de desprazarse pola vila. Cabe lembrar tamén que o Concello de Salceda forma parte do proxecto denominado "A Cidade dos Nenos/as", o cal fomenta proxectos deste tipo, con prioridade de peóns sobre os vehículos, e coa creación de espazos de lecer tanto no casco urbano como nas parroquias.

Máis de 170 cidadáns xuraron bandeira o 15 de abril no Campo de fútbol arbense.

Presenciaron o acto castrense entre as que se atopaban a Subdelegada do Goberno, Ana Ortiz, o Subdelegado de Defensa de Pontevedra, o Coronel Ángel de Miguel Campos, os alcaldes de Arbo e Crecente, Horacio Gil e Julio César García Luengo, o

Regto. Infantería Isabel la Católica nº 29, a Cia. de Honores, Guiones y Banderines e a "Banda de Guerra" da BRILAT "Galicia VII".

A xornada rematou cunha homenaxe aos caídos coa ofrenda dunha coroa portada polo Alcalde de Arbo e a Subdelegada do Goberno.





**FESTA DO
ALVARINHO
E DO FUMEIRO
MELGAÇO**

27a29 ABRIL'18

—

Showcooking
Provas Comentadas
Venda e degustação de produtos
Tasquinhas
Música ao Vivo

O Teatro Municipal de Tui cumpre 15 anos con 321 mil usuarios

Cúmprense 15 anos da primeira representación no Teatro Municipal de Tui. Foi o 11 de abril de 2003 con "Fausto" da man de Teatro de Ningures. Dende entón teñen pasado polo teatro máis de 321 mil usuarios nestes quince anos de actividade. A posta en marcha destas instalacións mudou de xeito considerable a oferta cultural no municipio. Estableceuse unha programación semestral, na que dende o primeiro día se fixo unha aposta clara pola calidade e continuidade, que se ten consolidado ao longo dos anos, presentando actividades de teatro, monicreques, danza, música, cinema... e que teñen contando co beneplácito do público coma demostra a

media de 277 espectadores lograda nas 330 funcións organizadas directamente polo Concello.

Amais dende o inicio ó Teatro Municipal de Tui é un dos espazos integrados na Rede Galega de Teatro e Auditorios, RGTA, o que posibilita acceder ao círculo cultural promovido dende esta entidade. Segundo os datos da RGTA en 2017 Tui foi o segundo lugar en media de espectadores con 283 nos 15 espectáculos celebrados ao abeiro desta programación. Este feito continua a liña rexistrada en anos anteriores nos que sempre Tui estivo nos primeiros postos en media de espectadores, o que reflicte o apoio que o público ten dado a actividade cultural desenvolvida.

Para facilitar a compra das entradas ao público en 2009 púxose en marcha a venda on-line os espectáculo oficiais a través da web www.culturatuui.info, un sistema a través do que na actualidade de media se comercializan o 65% das localidades.

X Semana do Teatro Amador

Por outra parte a semana pasada cumpríronse dez anos da X Semana de Teatro Amador, nunha aposta máis que consolidada que se ten feito por brindar aos grupos de teatro afeccionado a posibilidade de actuar nas mesmas condicións escénicas que o fan as compañías profesionais. Esta actividade ten sido un éxito tanto pola acollida brindada polos grupos de teatro tudenses, que



este ano estrearon os seus novos espectáculo no teatro, coma pola resposta obtida polo público. Así nestes dez anos esta Semana de Teatro Amador ten rexistrado 17.800 espectadores, cunha media de 343 persoas nas 52 funcións realizadas. So neste 2018 asistiron máis de 2000 persoas ás seis sesións programadas. Na mesma participan os grupos de teatro Mesturanzas da Asociación Cultural Seixos Albos de Areas, da Asociación Cultural A Insua de Caldelas, da Asociación Santiago

de Malvas, da Asociación Cultural Aloia de Pazos de Reis, Chirlo-mirlo e Garabullada a Asociación Cultural Xuntanza de Randufe, da Asociación Cultural San Fins de Rebordáns, e Atalaia do Centro Sociocomunitario de Tui.

Datos técnicos

O Teatro Municipal de Tui está ubicado no edificio da Área Panorámica, inmovible de estilo neogótico que tras a súa rehabilitación, se ten convertido no eixo da actividade cultural do municipio. O teatro tudense conta con 554 butacas.

M

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.

Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Bufete BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadadvogados.gal www.barxadadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020



· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña